




autocares
RÍAS BAIXAS



Ao Cole, sempre seguros

A responsabilidade que leva a prestación do servizo de Transporte Escolar fai necesaria a **implicación de todos**. Debemos concienciar aos nosos fillos e fillas para comportarse con seguridade como peóns, cando soben e baixan do autobús e cando van dentro del. Asegurémonos de que os máis pequenos coñecen e cumpren estas regras. Moitas grazas pola súa colaboración.



Ao ir á Parada

- De camiño á parada, utiliza os pasos destinados para os peóns.
- Cando se vaia a cruzar hai que mirar sempre á esquerda, logo á dereita e logo á esquerda outra vez. Os coches veñen primeiro pola esquerda. Se hai coches aparcados que non che deixan ver, vaite ao paso de peóns máis próximo.
- Chega á parada do autobús con antelación. Trataremos de chegar 5 minutos antes, sen correr, evitando desta maneira cruces de estrada sen mirar e nerviosismo por perder o autobús.
- Espera o autobús nos sitios autorizados. De non existir parada de autobús, deberás esperar sempre na beirarrúa.
- Respecta o sitio na parada do autobús, colocándochे detrás da última persoa e non tentes poñerte diante dos demais compañeiros.



Dentro do autobús

- Cando subas ao autobús debes sentar na túa praza rapidamente.
- Unha vez que o autobús estea en marcha, hai que quedar sentado no asento que teñamos asignado ata que finalice o traxecto.
- Non xogues co sinal de transporte escolar nin con outros elementos importantes, como o martelo rompe cristais.
- Leva sempre posto o cinto de seguridade. Se non sabes poñelo ti só, pide axuda ao teu acompañante.
- Dentro do autobús non hai que gritar nin alborotar. Deixa que o condutor se concentre no seu traballo. Lembra que o traballo do condutor e do acompañante é levarche ao cole e a casa nas mellores condicións e con total seguridade.
- Levantámonos só cando o autobús estea completamente parado. Se nos levantamos en marcha e o autobús frea repentinamente, podemos facernos dano.



Ao subir ou baixar do autobús

- Cando se achega o autobús hai que manterse sempre afastado, a uns 2 metros de distancia, e deixar que chegue ata a beirarrúa para evitar ter que baixarse dela.
- Esperar ata que o autobús pare, a porta se abra e o condutor ou o acompañante dea o seu visto e praxe para entrar ou saír do autobús.
- Realiza a subida ao autobús de maneira ordenada e respectando a quenda. Non empuxar a outros nenos para subir o primeiro e non correr ao subir ou baixar do autobús.
- Nunca camiñar por detrás do autobús porque o condutor non poderá verte. É unha situación de especial perigo.
- Ao subir ou ao baixar, utiliza a varanda para evitar caídas. Ten coidado de que a roupa con colgantes e as mochilas ou bolsas escolares non se enganchen nos reposabrazos ou coas portas do autobús.
- Se se che cae algo preto do autobús NUNCA trates de recollelo ti mesmo, porque o condutor podería non verte ao poñer o autobús en movemento. Dillo ao condutor ou ao acompañante.
- Se hai que cruzar a rúa, faino sempre por diante do autobús. Afástache uns tres metros (cinco pasos grandes) camiñando pola beirarrúa ou a beiravía e mira antes de cruzar. Asegúrate de que o condutor do autobús pode verte e segue as súas indicacións.

Agradecemos a súa colaboración por un transporte máis seguro.